

Proceso de preinscripción e admisión

ACLARACIÓNS E RECOMENDACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento estima oportuno realizar as seguintes recomendacións sobre a documentación a presentar polas persoas aspirantes a entrar no Programa.

Documentación a valorar:

EXPEDIENTE ACADÉMICO

Valorarase a adecuación da titulación ás liñas de investigación do programa e á investigación a desenvolver, a cualificación media global e a cualificación obtida nas materias máis relacionadas coa investigación a desenvolver.

CURRÍCULUM

Ainda que no currículo non se valora o expediente académico da titulación de entrada, éste pode recoller todas as titulacións que posúa a persoa aspirante. Os méritos que puntúan son: exposicións, publicacións, premios e bolsas. Tamén valóranse outros méritos como cursos e experiencia profesional se teñen relación co ámbito da arte e/ou o tema da investigación. Non é necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos recolleitos no currículo aínda que, de consideralo oportuno, a comisión de valoración poderá requirir a súa presentación á persoa candidata.

DOSSIER

Debe de documentar a obra artística persoal da persoa aspirante, cun total de entre 5 e 10 obras realizadas. No caso de que a natureza da obra o xustifique (audiovisuais, pezas sonoras, performances,..) é recomendable que no dossier inclúanse ligazóns a arquivos en liña que complementen a información.

MEMORIA

É recomendable que se presente debidamente estruturada nos apartados propios dun traballo de investigación. Constará dun máximo aproximado de 5 folios.

IDIOMAS

O seu coñecemento só puntuará se se presenta certificado ou outra documentación xustificativa.

CARTA DE AVAL

Aparte da documentación que é obxecto de valoración, é recomendable aportar unha carta de aval do/da docente responsable da orientación da liña de investigación do Programa na que se pretende desenvolver a investigación.

Recoméndase estudar con detalle as liñas ofertadas no programa. Este aval ten carácter informativo de cara ao proceso de admisións. No caso de que a persoa solicitante entre a formar parte do Programa de Doutoramento, a Comisión Académica terá en consideración na súa función de adxudicar ao alumnado as

liñas de investigación nas que desenvolverá o seu traballo. Pódese descargar o modelo de carta de aval na páxina web do programa ([ADMISIÓN > CRITERIOS DE ADMISIÓN > CARTA DE AVAL](#)).

Plataforma informática para a inscrición:

Todos os documentos requiridos para concursar deben subirse dixitalmente á aplicación. No proceso de preinscrición, a plataforma precisa que se elixa unha liña de investigación do Programa de Doutoramento. Para isto recomendamos:

- Consultar primeiro as liñas ofertadas que aparecen na páxina web do programa
- Para isto, dentro dunha das liñas que están activas pódese picar e abrir unha ficha onde consultar a información do traballo desenvolvido en cada unha delas polo/a docente responsable.
- Unha vez feita a consulta, elixir a liña desexada, que deberá coincidir coa do /a docente que firma a carta-aval que se presenta.

A Comisión Académica terá en consideración esta elección e aval na medida das posibilidades da organización do Programa, pero é responsabilidade da dita Comisión a asignación definitiva do alumnado ás diferentes liñas.